

Recibiuse na Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio (en diante, DXSAP) un escrito procedente da Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal da Consellería de Facenda e Administración Pública, no que se solicita o informe preceptivo desta dirección xeral en relación cunha proposta de modificación da relación de postos de traballo (en diante, RPT) referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo de persoal laboral da Xunta de Galicia e clasificación no corpo administrativo da administración xeral (subgrupo C1), corpo de técnicos de carácter facultativo de administración especial (grupo B) e no corpo de axudantes de carácter facultativo da administración especial (subgrupo C1); no corpo auxiliar da administración xeral (subgrupo C2) e no corpo de auxiliares de carácter técnico de administración especial (subgrupo C2), da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

A proposta de modificación de RPT viña acompañada da memoria funcional correspondente, que inclúe tamén as equivalencias dos postos que se transforman de laborais a funcionarios. Esta memoria funcional foi complementada o 10 de xuño de 2024.

Atendendo á solicitude formulada, así como en cumprimento do disposto no artigo 42.7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico (DOG núm. 251, do 31 de decembro), en concordancia co artigo 14 do Decreto 141/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública, a DXSAP emite o seguinte





INFORME

PRIMEIRO. *Obxecto e obxectivo principal da proposta*

O obxecto desta proposta é modificar a relación de postos de traballo da Administración xeral e tamén da Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia derivada do sexto proceso de funcionarización, unha vez determinados previamente aqueles postos de persoal laboral da Xunta de Galicia afectados polo dito proceso.

O obxectivo principal desta funcionarización de persoal laboral fixo do V Convenio colectivo único de persoal laboral da Xunta de Galicia é cumprir a normativa correspondente no sentido de que os postos deben ser cubertos por persoal funcionario cando este persoal estea a realizar funcións ou desempeñe postos de traballo de persoal funcionario. O resultado deste proceso de funcionarización será que cada un dos postos afectados por el manteña as mesmas funcións e responsabilidades en cada un dos seus centros e unidades que cando era posto de persoal laboral.

Non é obxecto dos procesos de funcionarización levar a cabo unha nova valoración e/ou valoración complementaria dos postos de traballo, posto que esta valoración xa se efectuou no momento da creación de cada posto nas correspondentes relacións de postos de traballo.

SEGUNDO. *Normativa que regula este proceso de funcionarización*

1. As previsións necesarias para facer posible a funcionarización do persoal laboral fixo que realiza funcións ou desempeña postos de traballo de persoal funcionario figuran recollidas nas normas seguintes:

- Disposición transitoria primeira da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: o persoal laboral fixo das administracións públicas incluídas no ámbito da súa aplicación que, no momento da entrada en vigor da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, estea a realizar funcións ou desempeñe postos de traballo de persoal funcionario, ou pase a realizar as devanditas funcións ou a desempeñar os devanditos postos en virtude de probas de selección ou promoción interna convocadas antes da data sinalada, poderá seguir a realizalas ou desempeñalas.





Así mesmo, a disposición transitoria primeira da Lei 2/2015, do 29 de abril, no seu apartado segundo, recolle que o Consello da Xunta de Galicia establecerá, a través das relacións de postos de traballo, a valoración, clasificación e determinación dos postos de traballo afectados por esta norma, na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e nas entidades públicas instrumentais do sector público autonómico.

- Disposición transitoria segunda do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.

2. O procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo establécese a través das seguintes normas:

- Decreto 165/2019, do 26 de decembro, establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia. O seu anexo, que recolle as equivalencias entre as categorías profesionais de persoal laboral e as escalas de persoal funcionario, foi modificado polas Ordes do 10 de marzo de 2021 e do 27 de novembro de 2023 da Consellería de Facenda e Administración Pública.
- Ordes do 10 de marzo de 2021 e do 27 de novembro de 2023 da Consellería de Facenda e Administración Pública polas que se modifica o anexo do Decreto 165/2019, do 26 de decembro.

3. A incorporación das prazas obxecto desta funcionarización realizouse nas ofertas de emprego público dos anos 2020, 2021¹ e 2023, tramitada a través dos Decretos 225/2020, de 23 de decembro, Decreto 62/2021, de 8 de abril, e Decreto 143/2023, do 9 de novembro, polos que se aproban as ofertas de emprego público correspondentes a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2020, 2021 e 2023.

4. As convocatorias dos procesos de funcionarización correspondentes efectuáronse a través das seguintes resolucións:

¹ Postos que xa foron funcionarizados.





a) *Diversas categorías do grupo III de persoal laboral que pasan ao subgrupo C1 e ao grupo B*

- Resolución do 26 de abril de 2021 pola que se convoca o proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira do corpo administrativo de Administración xeral, subgrupo C1, e do corpo de técnicos de carácter facultativo de Administración especial, grupo B, do persoal laboral fixo de diversas categorías e postos pertencentes ao grupo III, do V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico.
- Resolución do 6 de novembro de 2023 pola que se convoca o proceso selectivo para o ingreso, pola modalidade específica de promoción do persoal laboral fixo, no corpo administrativo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo C1.
- Resolución do 15 de decembro de 2023 pola que se convoca o proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira do corpo administrativo da Administración xeral, subgrupo C1, e do corpo de técnicos de carácter facultativo de Administración especial, grupo B, do persoal laboral fixo de diversas categorías e postos pertencentes ao grupo III, do V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico, modificada pola Resolución do 12 de febreiro de 2024.

b) *Diversas categorías dos grupos IV e V de persoal laboral que pasan ao subgrupo C2*

- Resolución do 12 de maio de 2021 pola que se convoca o proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira do corpo auxiliar da Administración xeral e do corpo de auxiliares de carácter técnico da Administración especial, subgrupo C2, do persoal laboral fixo de diversas categorías e postos pertencentes aos grupos IV e V do V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico.
- Resolución do 15 de decembro de 2023 pola que se convoca o proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira do corpo auxiliar da Administración xeral e do corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial, subgrupo C2, por parte do persoal laboral fixo de diversas categorías e postos pertencentes aos grupos IV e V do V Convenio





colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico, modificada pola Resolución do 12 de febreiro de 2024.

5. A resolución dos procesos mencionados antes publicouse mediante as resolucións seguintes:

a) Subgrupo C1 e grupo B

- Resolución do 7 de febreiro de 2022, da comisión encargada de cualificar o proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira do corpo administrativo da Administración xeral, subgrupo C1, e do corpo de técnicos de carácter facultativo de Administración especial da Comunidade Autónoma de Galicia, grupo B, do persoal laboral fixo de diversas categorías e postos pertencentes ao grupo III, do V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico, pola que se dá publicidade de diversos acordos.
- Resolución do 17 de xuño de 2022, da comisión designada para xulgar o proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira do corpo administrativo da Administración xeral e do corpo de técnicos de carácter facultativo de Administración especial da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo C1, do persoal laboral fixo de diversas categorías e postos pertencentes ao grupo III do V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico, convocados polas resolucións do 26 de abril de 2021 e do 25 de agosto de 2021, pola que se dá publicidade a diversos acordos.

b) Subgrupo C2

- Resolución do 7 de febreiro de 2022, da comisión encargada de cualificar o proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira do corpo auxiliar da Administración xeral e do corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo C2, do persoal laboral fixo de diversas categorías e postos pertencentes aos grupos IV e V, do V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico, pola que se dá publicidade de diversos acordos.





- Resolución do 17 de xuño de 2022, da comisión designada para xulgar o proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira do corpo auxiliar da Administración xeral e do corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo C2, do persoal laboral fixo pertencente ao grupo IV do V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico, convocados polas resolucións do 7 de febreiro de 2020, do 12 de maio de 2021 e do 25 de agosto de 2021, pola que se dá publicidade a diversos acordos.

TERCEIRO. A relación de postos de traballo

O Decreto 165/2019, do 26 de decembro, recolle que o persoal que supere un proceso selectivo para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira debe ocupar un posto clasificado nas relacións de postos de traballo como de persoal funcionario de carreira ou como de persoal laboral susceptible de selo como de persoal funcionario de carreira. A adaptación da correspondente RPT deberá estar aprobada con anterioridade á toma de posesión como persoal funcionario de carreira.

Para a determinación dos postos susceptibles de ser clasificados como de persoal funcionario, tívose en conta o establecido no artigo 6 do Decreto 165/2019, do 26 de decembro, así como o disposto na Orde da Consellería de Facenda e Administración Pública do 27 de novembro de 2023, que modificou o Decreto 165/2019, do 26 de decembro.

CUARTO. Proposta de modificación da RPT

a) Postos a funcionarizar e clasificar no grupo B e subgrupo C1

Segundo a memoria funcional remitida pola Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal, propónse clasificar **491** postos de traballo no grupo B e subgrupo C1: 130 postos correspondentes a persoal laboral fixo que superou os procesos selectivos correspondentes e 361 postos de persoal laboral que se atopa nalgunha das seguintes situacións:

- Postos ocupados por persoal laboral fixo que non superou o proceso selectivo e que manteñen a ocupación como persoal laboral fixo.





- Postos ocupados por persoal laboral fixo cuxos procesos están pendentes de resolución.
- Postos vacantes ou ocupados por persoal laboral temporal ou indefinido non fixo que continuarán desempeñando as súas funcións nos postos que viñan ocupando nas mesmas condicións e situación ata que se leve a cabo o establecido na disposición transitoria primeira bis da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, logo do remate dos procesos de funcionarización que se convoquen ao abeiro das ofertas de emprego dos anos 2018, 2019, 2020 e 2021.
- Postos cuxas persoas ocupantes superaron os procesos de funcionarización pero que se xubiláron antes do nomeamento como persoal funcionario.
- Postos cuxas persoas ocupantes están en excedencia voluntaria por incompatibilidade.
- Postos de persoas aprobadas que están en adscripción provisional (superior categoría ou causas de saúde).
- Postos de persoas que teñen reclasificada a categoría profesional por sentenza xudicial, pero que non superaron ou non participaron no proceso de funcionarización.

As equivalencias entre categorías de persoal laboral e subgrupos de persoal funcionario do grupo B e subgrupo C1 obxecto deste informe quedan reflectidas no seguinte cadro:

POSTO	GRUPO-CATEGORÍA	CORPO	ESCALA ESPECIALIDADE	Nº DE POSTOS
Encargado/a de almacén	III-05	Administrativo da Administración xeral	---	19
Supervisor/a telefónica	III-33			1
Supervisor/a radioteléfono	III-38			2
Oficial servizos técnicos (persoal do Instituto de Estudos do Territ.)	III-69			2
Técnico/a auxiliar de obra	III-07	Administrativo da Administración xeral	Escala de axentes de inspección • Especialidade de vixilancia de estradas	10
Técnico/a práctico/a C. e V.O.				1
Encargado/a	III-09			1
Técnico/a práctico/a en control e vixilancia	III-09			3
Capataz de brigada (A)	III-23			3
Celador/a de estradas	III-23			1





POSTO	GRUPO-CATEGORÍA	CORPO	ESCALA ESPECIALIDADE	Nº DE POSTOS
(A)				
Celador/a	III-23			2
Auxiliar técnico/a de obra	III-60			3
Auxiliar técnico/a de obra T.I.E.E (A)	III-60			8
Oficial 1º tractorista	III-64			1
Operador/a de maquinaria pesada			10	
Capataz de cuadrilla			22	
Oficial 1º de obra	III-67			3
Xefe/a de equipo (Persoal de Augas de Galicia)	III-67	Administrativo da Administración xeral	Escala de axentes de inspección • Especialidade de dominio público hidráulico	8
Encargado/a xeral (Persoal de Augas de Galicia)	III-8			2
Axente auxiliar de inspección	III-49	Administrativo da Administración xeral	Escala de axentes de inspección • Especialidade de mobilidade	11
Gobernante/a	III-04	Administrativo da Administración xeral da CA de Galicia	----	27
Gobernante/a (cociña)				1
Gobernante/a (servizo doméstico)				1
Subgobernante/a	III-78	Axudantes de carácter facultativo de Administración especial	Escala técnica de gobernantes/as. • Especialidade gobernante/a	12
Encargado/a equipamentos mecánicos	III-01			5
Axente auxiliar de inspección				2
Mecánico/a supervisor/a				1
Conservador/a	III-06	Axudantes de carácter facultativo da Administración especial	Escala técnica de mantemento de servizos	2
Encargado/a de mantemento				2
Encargado/a de traballos				4
Encargado/a xeral				1
Especialista de oficios				2
Xefatura de produción teatral				1
Xefe/a de servizos técnicos				7
Xefe/a de mantemento				2
Oficial 1º mecánico/a (A)	III-82			9
Técnico/a auxiliar (A)	III-82			1
Oficial 1º	III-69			1
Oficial 1º Mantemento				19
Oficial 1º oficios varios				2
Oficial de servizos técnicos				19
Encargado/a agrario/a	III-11	Axudantes de carácter facultativo da Administración especial	Escala técnica de recursos naturais e forestais	7
Capataz agrario	III-68			9
Oficial 1º agrario/a				14
Oficial 1º				1
Oficial 1º agrícola	2			
Capataz de establecemento	III-80			
Xefe/a cociña	III-14		Escala técnica de cociña	11
Xefatura de cociña				1





POSTO	GRUPO-CATEGORÍA	CORPO	ESCALA ESPECIALIDADE	Nº DE POSTOS
Xefe/a cociña 2ª	III-65	Axudantes de carácter facultativo da Administración especial		1
Oficial 1ª cociñeiro/a				1
Oficial 1ª cociña				71
Cociñeiro/a 1ª				3
Oficial 2ª cociña				12
Analista de laboratorio	III-17	Axudantes de carácter facultativo da Administración especial	Escala técnica de análise de laboratorio	84
Animador/a sociocultural (B)	III-90	Técnicos de carácter facultativo de administración especial	Escala de Axentes técnicos Facultativos <ul style="list-style-type: none">Especialidade de animación sociocultural	12
Encargado/a xeral	III-8	Administrativo da Administración xeral	Escala de axentes de inspección <ul style="list-style-type: none">Especialidade de vixilancia de estradas	2
Encargado/a		Axudantes de carácter facultativo de Administración especial	Escala técnica de mantemento de servizos Escala técnica de recursos naturais e forestais	3

OBSERVACIÓNS

(A) Pendente de resolución. Proceso convocado por Resolución do 15 de decembro de 2023 pola que se convoca o proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira do corpo administrativo da Administración xeral, subgrupo C1, e do corpo de técnicos de carácter facultativo de Administración especial, grupo B, do persoal laboral fixo de diversas categorías e postos pertencentes ao grupo III, do V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo Xurídico.

(B) Conforme o recollido na disposición transitoria única do Decreto 165/2019, mentres non se produza o desenvolvemento regulamentario do grupo B, a funcionarización do persoal proposto para adquirir esa condición no dito grupo producirase no subgrupo C1.





b) Postos a funcionarizar dos grupos IV e V e clasificar no subgrupo C2

Segundo a memoria funcional remitida pola Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal, propónse clasificar **1687** postos de traballo no subgrupo C2: 219 postos correspondentes a persoal laboral fixo que superou os procesos selectivos correspondentes e 1468 postos de persoal laboral que se atopa nalguna das seguintes situacións:

- Postos ocupados por persoal laboral fixo que non superou o proceso selectivo e que manteñen a ocupación como persoal laboral fixo.
- Postos ocupados por persoal laboral fixo cuxos procesos están pendentes de resolución.
- Postos vacantes ou ocupados por persoal laboral temporal ou indefinido non fixo que continuarán desempeñando as súas funcións nos postos que viñan ocupando nas mesmas condicións e situación ata que se leve a cabo o establecido na disposición transitoria primeira bis da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, logo do remate dos procesos de funcionarización que se convoquen ao abeiro das ofertas de emprego dos anos 2018, 2019, 2020 e 2021.
- Postos cuxas persoas ocupantes superaron os procesos de funcionarización pero que se xubilaron antes do nomeamento como persoal funcionario.
- Postos cuxas persoas ocupantes están en excedencia voluntaria por incompatibilidade.
- Postos de persoas aprobadas que están en adscripción provisional (superior categoría ou causas de saúde).
- Postos de persoas que teñen reclasificada a categoría profesional por sentenza xudicial, pero que non superaron ou non participaron no proceso de funcionarización.

As equivalencias entre categorías de persoal laboral dos grupos IV e V e subgrupos de persoal funcionario do subgrupo C2 obxecto deste informe quedan reflectidas no seguinte cadro:





Posto	Grupo-Categoría	Corpo	Escala especialidade	Nº de postos
Técnico/a auxiliar en informática	IV-17	Auxiliar da Administración xeral	---	1
Oficial/a 2ª reprografía (A)	IV-22			4 (A)
Oficial/a 2ª cociña	IV-05	Auxiliar de carácter técnico de Administración especial	Escala auxiliar de cociña	347
Axudante/a de servizos técnicos	IV-06	Auxiliar de carácter técnico de Administración especial	Escala auxiliar de mantemento	9
Mozo/a de mantemento				1
Oficial 2ª mantemento				15
Oficial 2ª mantemento (albanel)				1
Oficial 2ª mantemento (calefactor)				1
Oficial 2ª mantemento (elect. cal.)				1
Oficial 2ª mantemento (electricista)				1
Oficial 2ª mantemento (fontaneiro)				1
Oficial/a de segunda (A)	IV-18			10 (A)
Oficial 2ª agrario	IV-09	Auxiliar de carácter técnico de Administración especial	Escala auxiliar de auxiliar de recursos naturais e forestais	1
Oficial 2ª agrario/a				42
Oficial 2ª agrícola				4
Oficial 2ª gandería				3
Oficial/a establecemento	IV-42			7
Auxiliar de laboratorio	IV-11	Auxiliar de carácter técnico de Administración especial	Escala auxiliar de laboratorio	89
Auxiliar de arquivos e bibliotecas	IV-35	Auxiliar de carácter técnico de Administración especial	Escala auxiliar de arquivos, bibliotecas e museos • Especialidade de arquivos e bibliotecas	93
Auxiliar de arquivo				1
Ordenanza				2
Auxiliar de museos	IV-36	Auxiliar de carácter técnico de Administración especial	Escala auxiliar de arquivos, bibliotecas e museos • Especialidade de museos	2





Posto	Grupo-Categoría	Corpo	Escala especialidade	Nº de postos
Vixiante de recursos naturais	V-09	Auxiliar de carácter técnico de Administración especial	<ul style="list-style-type: none">• Escala auxiliar de gardas de recursos naturais	98
Auxiliar cuidador/a	IV-04	Auxiliar de carácter técnico de Administración especial	<ul style="list-style-type: none">• Escala auxiliar de cuidadores (1)	70
Auxiliar de internado				8
Cuidador/a auxiliar				874

OBSERVACIÓN

(A) Pendente de resolución. Proceso convocado por Resolución do 15 de decembro de 2023 pola que se convoca o proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira do corpo **auxiliar da Administración xeral e do corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial, subgrupo C2**, por parte do persoal laboral fixo de diversas categorías e postos pertencentes aos grupo IV e V do V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico.

QUINTO. *Postos que non son obxecto de funcionarización*

a) Non é obxecto desta modificación da relación de postos de traballo a funcionarización e clasificación do posto de oficial de servizos técnicos (CP MAO310000015770156) do grupo III categoría 69 no Instituto de Estudos do Territorio.

b) No son obxecto de funcionarización, neste momento, as seguintes categorías:

- Cuidador/a a extinguir do grupo III categoría 99, por estar prevista unha modificación do Decreto 165/2019, do 26 de decembro, polo que se establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia e poidera afectar a esta categoría.
- Oficial 1ª condutor/a. Condutores/as do grupo III categoría 63, por precisar esta categoría un análise e estudo de detalle a abordar nunha próxima RPT de clasificación e funcionarización.

c) Postos do grupo III que non se funcionarizan mantendo a clasificación de persoal laboral:





- Analista de laboratorio (CP SAS994010015770027) do grupo III categoría 17 da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e O Barbanza, que se transformará en praza estatutaria cando sexa vacante.
- Animador/a sociocultural (CP SAS994010032800021) do grupo III categoría 90 da Área Sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras (Toén), que se transformará en praza estatutaria cando sexa vacante.

d) Neste momento, non se procederá á funcionarización dos seguintes postos do grupo IV:

- Conserxe, do grupo IV categoría 20, por estar afectada esta categoría como laboral polo Decreto 79/2022, do 25 de maio, polo que se aproba a oferta de emprego público extraordinaria de prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia, correspondente ao proceso de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, e de prazas de persoal laboral obxecto de funcionarización, de conformidade coa Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Conductor/a do grupo IV categoría 16, por precisar esta categoría un análise e estudo de detalle a abordar nunha próxima RPT de clasificación e funcionarización.
- Posto de Capataz Agrario (CP MRA112800327460001) na Estación experimental agrogandeira da Pobra do Brollón (Lugo) da Axencia Galega de Calidade Agroalimentaria por estar ocupado por persoal funcionario do grupo E.

SEXTO. Custos

En relación coa memoria económica, pronunciarase a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda e Administración Pública.





Por todo o anterior, a Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio emite **informe favorable** sobre a proposta de modificación da relación de postos de traballo referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo de persoal laboral da Xunta de Galicia e clasificación no corpo administrativo da administración xeral (subgrupo C1), corpo de técnicos de carácter facultativo de administración especial (grupo B) e no corpo de axudantes de carácter facultativo da administración especial (subgrupo C1); no corpo auxiliar da administración xeral (subgrupo C2) e no corpo de auxiliares de carácter técnico de administración especial (subgrupo C2), da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

O director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio

José María Barreiro Díaz

DIRECCIÓN XERAL DE EMPREGO PÚBLICO E ADMINISTRACIÓN DE PERSOAL. CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

